

DEPTO. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1º ESO

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN A TER EN CONTA PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Participación en diferentes formas da comunicación oral (conversacións, debates, coloquios,...), axustándose ás normas propias da interacción verbal.
- Aplicación de estratexias adecuadas na lectura.
- Comprensión e análise de textos orais e escritos.
- Produción de textos sinxelos de diferentes tipos (narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e instrutivos), axustados á estrutura textual correspondente, adecuados, cohesionados, coherentes e correctos ortográfica e gramaticalmente.
- Consulta e uso de dicionarios e outras fontes de información, en papel ou dixitais, e integración da información en traballos e no propio proceso de aprendizaxe.
- Emprego de diversos procedementos para enriquecer o léxico persoal.
- Identificación das distintas clases de palabras.
- Identificación de Suxeito e Predicado.
- Interese pola lectura como fonte de información, aprendizaxe e lecer, lendo os libros propostos polo Departamento Didáctico.
- Interese por aprender e por mellorar, intervindo activamente en clase e realizando con regularidade e aproveitamento as actividades propostas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación establecidos para este curso son:

1. escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.
2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.
3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).
4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.
5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.
6. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
7. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.

8. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
9. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.
10. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
11. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.
12. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.
13. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.
14. Identificar o suxeito e predicado na oración simple.
15. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
16. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado.
17. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
18. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.
19. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
20. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación global da avaliación será o resultado de ponderar os seguintes apartados:

EXAMES OU PROBAS ESCRITAS: Sobre os contidos explicados na clase: 80% da nota final da avaliación.

ACTITUDE E TRABALLO: Valorarase o traballo diario, o interese do alumno pola materia, o comportamento, a participación en clase, a boa presentación, limpeza e orde dos traballos, cadernos e exames: 20%

Neste apartado valorarase que o alumno non sexa sancionado con apercibimentos e/ou repetidas faltas de orde e que o seu comportamento se axuste ás normas de convivencia do centro; que acuda a clase co material, o utilice na aula e o conserve en bo estado; a presentación dun caderno pulcro, ordenado e con todos os exercicios feitos na clase.

LECTURAS OBRIGATORIAS: Os libros de *lectura obrigatoria*, un por avaliación, terán carácter *eliminatorio*, isto é, o alumno non aprobará a materia sen a lectura destes

libros e a superación da proba correspondente.

A cualificación desta proba terá en conta os seguintes criterios:

- Se o alumno obtén unha cualificación inferior ao 5, a proba é Non Apta.
- Se o alumno obtén entre un 5 e un 7, sumarase 0.25 na nota da avaliación.
- Se o alumno obtén máis dun 7, sumarase 0.5 na nota da avaliación.

PENALIZACIÓNS POR FALTAS DE ORTOGRAFÍA: Descontarase 0,1 puntos por cada til incorrecto e 0.25 polas restantes faltas de ortografía, ata un máximo de 2 puntos.

Realizaranse dúas probas ou exames de contidos en cada avaliación, que ponderarán un 40% o primeiro e un 60% o segundo. A nota mínima que o alumno debe acadar en cada exame parcial para establecer a nota media da avaliación é de 3,5.

NOTA DA AVALIACIÓN: A nota mínima, una vez feitas as medias e ponderacións pertinentes, que se establece como aprobado será un 5.

Poderanse establecer recuperacións cada avaliación e/ou a final de curso para aqueles alumnos que non acaden o 5.

Para a avaliación extraordinaria de setembro establécense os seguintes puntos:

- ✓ Só se terá en conta para a cualificación o exame realizado.
- ✓ Serán materia de exame as lecturas obrigatorias marcadas durante o curso.
- ✓ O profesor que así o estime poderá mandar traballo de verán a aqueles alumnos suspensos na convocatoria de xuño.